

¿Cómo hacemos os problemas xuntos ou guiados?

1º Ler o problema todas as veces que necesite para que poida contalo, aínda que non teña que aprendelo de memoria.

2º Descubrir que é o que non sabemos e queremos saber, que normalmente está na pregunta.

3º Preguntar de que é o problema (non se trata de se se resolve sumando, restando ou multiplicando). Isto vai ter que escribilo na solución.

4º Anotar os datos que nos da a historia para resolver o problema. Se hai máis de dous datos, preguntarlles se pasa máis dunha cousa na historia.


5º A gran pregunta: ¿que haberá, máis ou menos que antes? A resposta indica a operación que hai que facer.

6º Resolvelo.

Problema C-1

Enzo ten pensado traernos 6 caixas de corazóns de chocolate. Cada caixa ten 18 corazóns. ¿Cantos corazóns comeremos? ¿E se trae 7 caixas? ¿E se trae 9?

DATOS:



SOLUCIÓN 1:


SOLUCIÓN 2:

SOLUCIÓN 3:

Problema C-2

Uxía trouxo dúas bolsas á clase. Na primeira había 23 bocadillos e na segunda había outros tantos. ¿Cantos bocadillos nos trouxo Uxía?

DATOS:




SOLUCIÓN:

Problema C-3

Candela tiña moita fame e non quería agardar ao reparto. Daquela marchou con dez bocadillos. A Juan pareceulle boa idea e, como tiña moita máis fame que Candela, levou 20. ¿Cantos bocadillos levaron entre os dous? ¿Cantos nos deixaron?

DATOS:



SOLUCIÓN 1:

SOLUCIÓN 2: